

Segundo.-Todos os aspirantes realizarán a proba de circulación especificada nas bases II.2 en dous vehículos: un provisto de cambio manual e outro provisto de cambio automático.

Terceiro.-Os/as aspirantes terán que presentarse provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2007.

Carlos Ignacio Labraña Barrero  
Presidente do tribunal

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 10 de setembro de 2007 pola que se nomean funcionarios en prácticas dos corpos de profesores de ensino secundario e profesores de artes plásticas e deseño os opositores que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 8 de maio de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 23 de maio) que ocupen vacante dotada orzamentariamente.*

Pola Orde do 8 de maio de 2007 (DOG do 23 de maio), convocáronse procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de profesores de ensino secundario e profesores de artes plásticas e deseño para funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no grupo B na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 36 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, aqueles aspirantes que superaron o procedemento selectivo de acceso aos corpos do grupo A desde corpos do grupo B, podrán optar por ocupar no curso 2007-2008, unha vacante clasificada no grupo A e dotada orzamentariamente,

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### DISPÓN:

Primeiro.-Nomear funcionarios en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario e do corpo de profesores de artes plásticas e deseño aos opositores relacionados no anexo I e no anexo II da Orde do 31 de xullo de 2007 (DOG do 23 de agosto), coa excepción dos funcionarios de carreira que non se incorporen a un novo destino do corpo no cal superaron o procedemento selectivo.

Segundo.-O nomeamento como funcionario en prácticas producirá efectos económicos e administrativos do 1 de outubro de 2007.

Terceiro.-O réxime retributivo dos funcionarios en prácticas será o establecido no Real decreto 456/1986, do 10 de febreiro (BOE do 6 de marzo), polo que se

fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, modificado polo Real decreto 213/2004, do 21 de febreiro (BOE do 1 de marzo).

Cuarto.-Estes funcionarios que están prestando servizos remunerados na Administración como funcionarios de carreira, sen prexuízo da situación administrativa ou laboral que de acordo coa normativa vixente lles corresponda, podrán formular opción pola percepción das remuneracións durante a súa condición de funcionarios en prácticas de conformidade co disposto no Real decreto 456/1986, do 10 de febreiro (BOE do 6 de marzo), modificado polo Real decreto 213/2004, do 21 de febreiro (BOE do 1 de marzo). De non formular opción entenderase que desexan percibir as retribucións que lles corresponden como funcionarios en prácticas.

Quinto.-A secretaría xeral adoptará todas as medidas e instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

*Orde do 14 de setembro de 2007 pola que se resolve parcialmente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes na Consellería de Cultura e Deporte mediante a Orde do 19 de xullo de 2007 (DOG nº 147, do 31 de xullo), de conformidade co establecido na base sexta da referida orde, esta consellería

### RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica, e seleccionar o persoal que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do persoal que obtivo praza producirase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente a funcionaria preste servizo, ou dun mes, se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.